



ACTA DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUCENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 24 DE MAIO DE 2015.

No salón de actos da Casa do Concello de Vedra, sendo as once horas do día trece de xuño de dous mil quince, para dar cumprimento ao disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril, 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio e 3/1998 do 15 de xuño e art. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reúnense , en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e catro de maio de 2015, que son os seguintes: D. Carlos Martínez Carrillo; D. Manuel Costa Carneiro; dona Margarita Devesa Cardelle; don Rogelio Lema Mougán; dona María Jesús Piñeiro Caldelas; don Enrique Vázquez Martínez; don Juan Manuel Cernadas Méndez; don Odón C. Cobas García; don Ramón Manuel Lago Lestón; dona María del Pilar Pereiro Rey; dona Beatriz Amenal Junquera; don José Antonio Pose Rodríguez e don Roberto Castro Rocamonde, asistidos polo infraescrito Secretario da Corporación D. Carlos J. Méndez-Losada Abalo, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o artigo 7º do citado regulamento , como trámite previo legal para este acto.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes, Dona María Jesús Piñeiro Caldelas, que pasa a presidila e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes, Dona María del Pilar Pereiro Rey, e actuando como Secretario da mesma o propio da Corporación.

Logo de constituída a Mesa de Idade, pola mesma procédese a comprobar as credenciais ou acreditacións da personalidade dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos art. 195.4 da mencionada Lei Orgánica e 37. 4 do citado Regulamento, pola citada Mesa declárase constituída a corporación , previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros asistentes, segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril (BOE do día 6), xurando o cargo don Ramón Manuel Lago Lestón, e empregando a fórmula de promesa os doce restantes, se ben don Roberto Castro Rocamonde e don José Antonio Pose Rodríguez manifestan que o fan por imposición legal , procedendo , acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

LISTA O CANDIDATURA PP

ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, e por acordo dos distintos grupos, procédese á elección de Alcalde, iniciándose a votación, de acordo co que establece o artigo 102.3 do mencionado Regulamento, para elixilo de entre os candidatos proclamados ao citado cargo, obténdose o seguinte resultado:

	VOTOS OBTIDOS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO	7
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA	4
“ NON ”	2

De acordo co citado artigo 196, resulta elixido como Alcalde deste Concello, D.Carlos Martínez Carrillo, integrado na lista ou candidatura do PP, ao obter a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, e logo da promesa na forma anteriormente mencionada para o desenvolvemento do seu cargo de Alcalde, toma posesión neste mesmo acto, pasando a ocupar a Presidencia.

Intervén o Sr. Alcalde e di que os veciños quixeron darlle de novo a súa confianza, sentindo un gran orgullo, pero quizais agora supón un reto maior e unha gran responsabilidade, e se ben cre que as maiorías absolutas son perigosas, opina que os gobernos, as corporación, ...etc están formadas e conformadas por persoas, nas que cre por encima das institucións, e pretende seguir a ser a mesma persoa..

Manifesta tamén que os seus pais lle ensinaron a traballar sen descanso polo ben dos que o necesitan, dende a humildade, con honradez, con honestidade e transparencia, e buscar sempre o consenso entre a familia, os veciños e así o vai a facer, e está convencido que o diálogo non vai faltar e que o consenso en moitos casos se vai acadar.

Di que tamén lle ensinaron a continuar aprendendo e mellorar, a valorar as propostas dos demais, polo que non ten ningunha dúbida de que os trece concelleiros por encima das súas posicións ideolóxicas queren o mellor para Vedra, e tamén está convencido de que dende o goberno e dende a oposición se presentarán moitas propostas que serán boas para os veciños.

Por último sinala que tamén lle ensinaron a rectificar e pedir desculpas cando se equivoca, e así o seguirá a facer, e todos estes valores serán os que presidan a actuación del e do equipo de goberno, e non dubida de que eses valores tamén concorren no resto dos membros da corporación e dos grupos políticos, para entre todos facer unha gran Vedra mellor e máis grande, presentándose cun programa político que debe ser a súa guía e que ten moitos puntos en común co programa das restantes forzas políticas representadas no pleno.

Para rematar dálle a benvida a todos os membros da corporación, sobre todos aos que se estrean no posto, manifestando que non hai maior honra que ser elixido polos teus veciños para defender os seus intereses.



De seguido cédelle a palabra aos demais grupos e intervén o Sr. Pose do BNG, sinalando que é certo que todos queren o mellor para Vedra, pero que mudou substancialmente a composición do pleno, posto que nos últimos catros anos ningún grupo político tiña maioría e polo tanto todos eran parte do goberno, pero agora o grupo do PP ten maioría absoluta, e o labor da oposición vai a ser meramente fiscalizador.

ACTA DE ARQUEO

A continuación polo Sr. Secretario, dáse lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da nova corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así coma a documentación relativa ao inventario do patrimonio municipal, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e artigo 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, acordándose por unanimidade a aprobación da acta de arqueo, sendo o resumo os que de seguido se relacionan:

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA AO 13/06/2015	
Existencia anterior ao período	30.322,92 €
Ingresos por operacións de orzamento	265.610,13 €
Ingresos por operacións non orzamentarias	8.362,22 €
Por movementos internos	184.149,99 €
SUMA EXISTENCIAS + INGRESOS	488.445,26 €
Pagos orzamentarios dende o citado arqueo	121.832,94 €
Pagos non orzamentarios dende o citado arqueo	175.421,70 €
Por movementos internos	184.149,99 €
Total pagos	481.404,63 €
Existencias a fin de período	7.040,63 €

Por último , de orde do Sr. Presidente da Corporación, polo infraescrito Secretario, dáse lectura ao artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quedando informados todos os asistentes do seu contido, co que se deu por rematado o acto, dispoñéndose o cumprimento dos requisitos legais establecidos, levantándose a sesión sendo as once horas e trinta e cinco minutos estendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo o Secretario, de todo o cal certifico.